

En Boiro, sendo as 11:00 horas do día 13 de setembro de 2019, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espifeira de Boiro coa seguinte orde do día:

Ausentes:

Doval Davite, Carlos
Chouza Blanco Carlos Javier
López Raña, Carlos Alberto

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Colaboración dos departamentos no Plan Anual de lectura.
3. Revisión e valoración de cambios no PE e NOFC.
4. Informe de matrícula 2019-20.
5. Calendario escolar. Determinar as datas das sesións de avaliación e os días non lectivos para propoñer ao claustro.
6. Rogos e preguntas.

1. Procédese á lectura e aprobación da acta da anterior sesión celebrada o 28 de xuño de 2019.
2. Engádesse o punto de “Información económica” que non estaba inicialmente incluído na convocatoria. A secretaria, María Pardavila, realizou unha desagregación por departamento para gastar ata o 1 de decembro do 2019. Cada departamento deberá estimar o gasto ata marzo/abril do ano 2020. Colgará no taboleiro do profesorado unha táboa coa desagregación polo miúdo e enviará un modelo para a realización dos expedientes de compra. Para compras de máis de 6.000€ será preciso pedir 3 orzamentos, unha vez aceptado o orzamento haberá que facelo por escrito e cubrir un informe que será enviado á María Pardavila (secretaria).
3. Colaboración dos departamentos no Plan Anual de lectura. A coordinadora da biblioteca, Ana Sequedo, está redactando o plan anual de lectura e solicita axuda dos departamentos para os puntos: actividades puntuais e itinerarios lectores. Estase a confeccionar un listado de libros, artigos, páxinas web, etc. cunha duración de 2 anos. A lectura destes libros poden servir para subir nota e tamén se poden traballar en varias áreas. No proxecto lector do centro tamén se incluírá a actividade da biblioteca do libro do mes, que poderá ser recomendada polos departamentos ao alumnado.
4. Revisión e valoración de cambios no PE e NOFC. A directora, Mariana Domínguez, propón varios cambios que presentará no claustro con respecto ao PE e as NOFC:
 - O apartado 6.4.2. do PE, Criterios de titulación na ESO, deberá ser modificado xa que o alumnado non poderá ter máis de 2 materias suspensas para promocionar en 4º da ESO.
 - O apartado 6.4.5.3 do PE, Pre-avaliación, respecto aos informes de seguimento que se viñan enviando aos alumnos de 1º e 2º da ESO durante a 2ª e 3ª avaliación, proporase a súa eliminación.
 - O apartado 7.4.1. do NOFC, Faltas de asistencia do alumno, modificarase no apartado que indica que as faltas de asistencia do alumnado de ESO e FPB serán comunicadas diariamente por SMS. Proporase que a notificación sexa mediante a aplicación Abalar, así como reducir a frecuencia da notificación por escrito das faltas que pasará de quincenalmente a mensualmente. Na reunión dos titores coas familias comentarase estes cambios e os titores explicarán ás mesmas como empregar a aplicación.
 - Finalmente tamén propón o cambio da avaliación das materias pendentes para facela coincidir coas avaliacións ordinarias. Media hora antes das avaliacións ordinarias realizarase a avaliación das materias pendentes cos xefes de departamento correspondentes.
5. Informe de matrícula 2019-20. A xefa de estudos, Sonia Antelo, comenta a matrícula do alumnado por curso a día de hoxe e indica o número de solicitudes nos ciclos. Non se impartirá o PMAR por non haber suficientes alumnos que cumpran os requisitos e haberá 2 grupos en 1º de Bacharelato. O primeiro curso de ciclo medio de instalacións de telecomunicacións probablemente non se impartirá debido o baixo número de alumnado, mentres que no 1º curso ciclo de formación básica hai máis solicitudes que prazas, co que quedarán alumnos sen praza no centro.

6. Calendario escolar. Determinar as datas das sesións de avaliación e os días non lectivos para propoñer ao claustro.

A xefa de estudos e a directora presentan o calendario escolar do curso, indicando os días non lectivos e as datas propostas para as avaliacións dos distintos grupos, así como as datas especificadas para a realización da formación nos centros de traballo (FCT) dos segundos cursos de ciclos. Propóñense 3 datas para a elección dos días de libre disposición do centro, os dous días que elixiron os outros centros de Boiro (30 de outubro de 2019, o 20 de marzo de 2020) e o 4 de maio de 2020.

7. Rogos e preguntas.

O profesor Carlos Busto comenta que a data de finalización da FCT para o 2º curso de ciclo superior debe ser modificada do 12 ao 19 de xuño, xa que o alumnado intercala sesións de preparación do proxecto durante a realización da FCT retrasando así a finalización da mesma.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente reunión sendo as 11:35 horas.

A DIRECTORA

Asdo.: María Ana Domínguez Pérez

A SECRETARIA

Asdo.: Sonia Antelo Méndez